



UNIDADE 1

E foi así como cho conto...

Pídalles aos seus alumnos que observen a fotografía da portadiña e fágalles preguntas sobre a escena que aparece nela, como, por exemplo: **Quen é a persoa que aparece na fotografía? Onde está? Que credes que está facendo? Por que?** Logo, pregúntelles se algunha vez foron testemuñas dunha situación similar.

Por último, preséntelles os obxectivos da unidade e explíquelles que, ao rematala, van escribir a crónica dun acontecemento.

E foi así como cho conto...



comprender

1. CRÓNICAS

Ler tres crónicas xornalísticas e escoller un titular e unha frase final para cada unha delas. Falar de persoeiros importantes e dos feitos que protagonizaron.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A crónica é un xénero xornalístico que consiste na narración de acontecementos de actualidade, seguindo a orde cronolóxica na que tiveron lugar, e adoita incluír testemuñas directas. Segundo o asunto de que trate, a crónica pode ser de varios tipos: deportiva, política, social, artística, cultural...

Os Premios de Teatro María Casares foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia e concedéronse por primeira vez en 1997. Reciben este nome como homenaxe a María Casares (1922 – 1996), unha actriz coruñesa que triunfou durante o seu exilio en Francia. Entréganse anualmente, na cidade da Coruña, como galardón aos mellores profesionais do teatro galego.

Procure diferentes xornais en galego, ou mesmo as súas páxinas impresas de Internet, e léveos á clase o día no que se traballe esta actividade.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se saben que xéneros de textos poden aparecer nun xornal. Ofrézalles algún exemplo (entrevista, artigo de opinión...). A continuación, reparta os xornais dos que dispoña e anime os estudantes a follealos na procura de diferentes xéneros xornalísticos (noticia, reportaxe, artigo de opinión, editorial...). Espere a que mencionen a crónica e, se non o fan, introdúzaa vostede. Logo, convídeos a que expliquen en que consiste e a que encontren algunha crónica no xornal que están utilizando.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que observen as fotos que acompañan cada unha das crónicas e pregúntelles se coñecen as persoas que aparecen nelas. Logo, se non son quen de poñerlles nomes, reparta o seguinte cadro con información sobre elas e pídalles que a relacionen coa crónica e a fotografía correspondentes.

Roy Makaay (Wijchen, 1975). Futbolista.
Mabel Rivera (Ferrol, 1952). Actriz
Susó de Toro (Santiago de Compostela, 1956). Escritor.
Xosé Manuel Budiño (Moaña, 1969). Gaiteiro.
Cesáreo Rodríguez Varela (Lestrobe, 1922 - Bos Aires, 2006). Gaiteiro
Diego Tristán (La Algaba, 1976). Futbolista.
Pandiani (Montevideo, 1976). Futbolista.
Indíquelles que formen grupos de tres para que se

conten todo o que saben sobre estes personaxes. Logo, poderán facer unha posta en común na clase. Se os seus alumnos non teñen dificultades para recoñecer os personaxes, pode suprimir a actividade do texto e pasar directamente ao traballo en grupos.

B. Explíquelles aos seus alumnos que a estas crónicas lles falta un título. Pídalles que as lean e que, en parellas, inventen un para cada unha. Deseguido, pode realizar cos seus alumnos a actividade 1 da páxina 106.

C. Por último, pídalles aos seus alumnos que, en parellas, escollan a mellor frase para pechar cada unha das crónicas e que xustifiquen a súa elección. Teña en conta que non hai unha resposta única, xa que algunhas frases poden servir para máis dunha crónica, de xeito que o máis importante aquí é o proceso de realización da actividade.

E DESPOIS

Aproveite os temas que se trataron para fomentar unha conversa entre os estudantes. En grupos de tres, invíteos a comentar o último concerto ao que foron, a última peza de teatro que viron ou o último partido de fútbol ao que asistiron.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicio 1.

2. UNHA MAREA NEGRA

Ler dúas crónicas sobre o naufraxio dun petroleiro e extraer a información máis importante. escoitar o testemuño de dúas persoas que viviron a catástrofe e opinar sobre este tipo de acontecemento.

PROCEDEMENTOS

A. Escriba no encerado a expresión **desastre ecolóxico** e pregúntelles aos seus alumnos se son capaces de explicar o seu significado. A continuación, pregúntelles se lembran algún desastre ecolóxico. Se lles custa recordar, achegue vostede un exemplo, como o do trágico accidente nuclear de Chernobil, Ucraína. Pódelles facer as seguintes preguntas ao respecto: **Que pasou? Cando ocorreu? Onde?** Vaia anotando as respostas no encerado e sinale despois a expresión **accidente nuclear**. Pregúntelles que outros tipos de catástrofe se poden dar. Algunhas posibles respostas son: **vertidos tóxicos, incendio e marea negra**. (Asegúrese de que aparece esta última posibilidade.).

B. Centre a atención dos seus alumnos na marea negra e pregúntelles se saben cales son as súas causas e que consecuencias pode ter. É moi posible que a maioría deles oíse falar do desastre do *Prestige*. Pregúntelles por el e explíquelles logo en que consistiu: no ano 2002, o buque petroleiro *Prestige* provocou unha gran marea negra na costa de Galicia. Se o considera oportuno, pode mostrarlles fotografías da catástrofe, para que

os seus alumnos se decaten da magnitude do desastre e afronten a lectura do texto con maior interese. Explíquelles que, deseguido, van ler dúas crónicas sobre o feito, nas que deberán subliñar e extraer a información máis importante. Cando rematen a lectura, faga unha posta en común na clase.

C. Indíquelles aos seus alumnos que van escoitar o testemuño de dúas persoas que viviron a catástrofe en directo. Pídalles que tomen notas das informacións novas que lles parezan relevantes. Se o considera necesario, pode guiar máis a actividade, pedíndolles que completen os datos da **ficha 1**.

D. Promova unha conversa preguntándolles aos estudantes que pensan eles sobre o ocorrido e que lles pareceu a actuación dos voluntarios. Interésese tamén pola súa experiencia: pregúntelles se algunha vez se viron involucrados nun problema desas características, se participaron algunha vez no traballo de prevención e recuperación dunha zona devastada, se viven ou xa viviron este tipo de catástrofes de forma próxima ou que farían se se producise unha situación así na rexión onde viven.

E DESPOIS

Dirixa a atención dos seus alumnos cara aos titulares das crónicas e fágalles notar que, en ambos, os adxectivos aparecen pospostos ao substantivo. Explíquelles que, non obstante, en galego os adxectivos poden colocarse antes ou despois do substantivo, dependendo do significado, da súa función, do rexistro e do tipo de discurso ao que pertence. Diríxaos á explicación que aparece na epígrafe “Colocación dos adxectivos”, na sección CONSULTAR, na páxina 15. Se o considera oportuno, pode pedirilles que busquen exemplos das explicacións nos textos da páxina 11. A continuación, convídeos a realizar a actividade 4 da páxina 107.



3. FESTA MARÍTIMA

Analizar elementos subliñados nun texto e xustificar a necesidade de corrección. Substituír palabras e expresións por sinónimos e recoñecer conectores discursivos para mellorar a cohesión e a riqueza léxica nos textos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Bretaña é unha península no noroeste de Francia que, como rexión histórica, se estendía polos actuais departamentos de Fistera (de Francia), Costas de Armor, Morbihan, Ille e Vilaine e Loira Atlántico. En Fistera sitúase Brest, cidade bretoa cuxa vocación militar e marítima se remonta á antigüidade.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos que entenden por “festa marítima”, como e por que motivos cren que se celebra este tipo de evento. Se teñen dificultades en responder con precisión, pódelles pedir que describan a fotografía que acompaña o texto. Logo, pregúntelles que diferenzas cren que pode haber entre Galicia e Bretaña e se saben algo sobre a cidade de Brest. Se hai informacións encontradas, acláreas e, a continuación, pídalles que lean o texto e comprobe as súas suxestións.

B. Coméntelles que o texto o escribiu un redactor sen experiencia, polo que algúns elementos precisan dunha modificación. Agrúpeos de tres en tres para que discutan os motivos que levaron o redactor xefe a subliñalos. Faga despois unha posta en común na clase. Teña en conta que non sempre se trata de repetición, senón tamén de buscar un vocabulario máis preciso e axeitado para o contexto.

Solución

Evitar repetición: *na festa marítima internacional de Brest, citáronse, barcos, barcos galegos, Galicia e Bretaña, Brest, no festival, das actividades, o Museo do Mar de Galicia, de Galicia, pretende, presentar.*

Procurar un vocabulario máis preciso/axeitado: *citáronse, barcos, alí, barcos galegos, festival, o festival, aplaudidos.*

C. Mantendo os mesmos grupos de tres, pídalles que busquen no cadro a mellor palabra ou expresión para substituír cada un dos elementos subliñados no texto. Ao final, pode facer tamén unha posta en común.

Solución

a cidade bretoa: Brest

mostrar: presentar

a exposición: o Museo do Mar de Galicia

(no) encontro: no festival

tenta: pretende

embarcacións do noso país: barcos galegos

a organización: o festival

reuníronse: citáronse

no certame: na Festa Marítima Internacional de Brest

aclamados: aplaudidos

navíos: barcos

das mostras: das actividades

entre os cales: alí

da nosa terra: de Galicia

ambos os territorios: Galicia e Bretaña

evento: festival

D. Pídalles que observen as palabras que van en grosa no texto e pregúntelles para que cren que serven. Se dispón de tempo, pode propoñerlles a seguinte actividade: que lean o texto e eliminen todas estas palabras en grosa. Na maioría dos casos, aínda que a frase queda un pouco coxa e se fai necesario cambiar a puntuación no parágrafo, pódese prescindir delas.

E foi así como cho conto...

Pero explíquelles que se empregan para enlazar mellor as ideas e darlle ao texto maior cohesión. Para finalizar, e cos mesmos grupos, pídalles que fagan o traballo de substituílas polas do cadro.

Solución

por suposto = **nin que dicir ten**

co fin de = **para**

así e todo = **pero**

porén = **pero**

posto que = **xa que**

en suma = **en definitiva**

pois = **senón que**

de xeito que = **de maneira que**

dado que = **xa que**

por conseguinte = **por tanto**

non obstante = **pero**

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 5.

4. MENSAXES NUNHA BOTELLA

Escribir peticións de envío de obxectos necesarios para afrontar uns meses nunha illa deserta. Transmitirlles as peticións a outros empregando o discurso referido.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que cousas poden asociar co título da actividade: que é unha mensaxe nunha botella, quen a adoita enviar, que contido pode ter e se a atoparon ou enviaron unha algunha vez. É moi probable que, á pregunta sobre quen adoita envialas, os seus alumnos respondan algo parecido a náufragos nunha illa. Se non o fan, súxírao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Chame a atención dos seus alumnos sobre o debuxo e dígalles que representa os concursantes dun programa televisivo chamado *A illa*. Neste programa os concursantes pasan tres meses nunha illa e poden enviar mensaxes nas que piden obxectos que lles faciliten a supervivencia alí. Explíquelles que a imaxe representa un momento no que os concursantes xa recibiron os obxectos que pediran. Sinale o debuxo da placa solar e chame a atención dos seus alumnos sobre a mostra de lingua como exemplo de petición e a xustificación desta.

Convídeos a traballar en parellas para redactar tres das peticións que puideron facer os concursantes, coas respectivas xustificacións. Recórdelles que deberán empregar verbos como **mandar, traer, enviar...**

B. Pídalles aos seus alumnos que lle entreguen o papel que escribiron a outra parella. Pola súa vez, eles recibirán o papel doutros compañeiros. Deberán contarlle ao resto da clase o que pediron os seus

compañeiros, para o que empregarán o discurso referido. Pero antes lea o exemplo e, se o considera necesario, anote no encerado as dúas frases (a petición directa e a súa transformación no discurso referido). Faga fincapé no feito de que a petición se fixo hai tres semanas (polo que é necesario que o verbo introdutorio apareza en pretérito) e na consecuinte transformación do imperativo en imperfecto de subxuntivo.

Igualmente, explíquelles que outras transformacións poden ocorrer no traspaso do discurso directo ao referido:

verbos (traer ⇒ levar, vir ⇒ ir)

adverbios (aquí ⇒ alí)

demonstrativos (este ⇒ ese/aquel) etc.

C. Por último, anime os seus alumnos a imaxinaren que se encontran nesa situación e a escribiren tres peticións nunha folia de papel. Pídalles que lla entreguen a un compañeiro, quen lle referirá as peticións ao resto da clase. Teña en conta que, neste caso, as peticións se fixeron nun momento máis próximo ao presente e que o verbo que introduce o discurso referido pode aparecer en presente ou en pretérito, de xeito que o verbo en imperativo poderá ir, respectivamente, en presente e en imperfecto de subxuntivo.

Pode aproveitar para facer unha sistematización coa **ficha 2** e invitar os seus alumnos a escribir as súas peticións e as do seu compañeiro (empregando o discurso referido) en todas as filas. Se non dispón de tempo suficiente para que o fagan na clase, poderán completalo na casa e, na clase seguinte, facer unha corrección entre todos.

5. A ESAS ALTURAS

Ler dous textos e recoñecer marcadores para referirse a datos temporais mencionados con anterioridade.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos seus alumnos que, nun texto narrativo, os acontecementos aparecen unidos entre si a través de marcadores temporais. Dígalles que nesta actividade deben prestarlles atención aos marcadores temporais que se refiren a un momento (data ou hora) mencionado con anterioridade. Pídalles que lean os dous textos e que subliñen ese tipo de expresións.

Solución

Minutos antes

a esas alturas

a partir dese momento

aquel día

daquela

daquela xornada funesta.

Recórdelles que na epígrafe “Referencias a momentos xa mencionados” da sección CONSULTAR, na páxina 15,

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicio 3.



6. QUE EXPERIENCIA!

Escoitar o relato dunha experiencia. Escribir un texto xornalístico, empregando os recursos vistos nas seccións anteriores.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Crónica	
Definición	Noticia actual comentada dende o punto de vista persoal do xornalista. O texto adoita ser expositivo e argumentativo
Función da linguaxe	Referencial (obxectiva) + Expresiva (subxectiva)
Finalidade	Informar e formar opinión
Estrutura	Noticia Comentario persoal do xornalista

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que miren a fotografía e fágalles preguntas como: **Vistes algunha vez algún maratón? Participastes nalgún? Como foi?** etc.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar a Natalia contándolle a un amigo a súa experiencia na última carreira na que participou. Pídalles, primeiro, que centren a súa atención na pregunta da actividade: gardará un bo recordo da experiencia? Se o considera conveniente, pode pedirles que volvan escoitar a conversa, pero, esta vez, co obxectivo de anotar todos os problemas que, segundo Natalia, causou a mala organización do maratón.

Solución

Natalia non gardará un bo recordo debido aos seguintes problemas: a organización esperaba 5000 participantes e acudiron 10.000; non lles deron botellas de auga; ao final formouse un tapón e os corredores non podían avanzar; moitas persoas desmaiáronse polo cansazo, a calor e a

deshidratación; as ambulancias non podían chegar para atender os afectados.

B. Explíquelles aos seus alumnos as principais características do tipo de texto xornalístico que podería escribir nesta actividade e as posibles técnicas utilizadas na súa elaboración. Pódelles facer preguntas do tipo: **Que quere o autor conseguir co seu texto? Que tipo de linguaxe pode empregar para facelo? Como podería estruturalo?**

Dígalles que tamén poden buscar nas crónicas das actividades previas e no contido de CONSULTAR algúns elementos que lles poden ser útiles no proceso de redacción (conectores para enlazar ideas, expresións temporais que relacionan os acontecementos entre si, emprego de sinónimos para evitar a repetición das palabras etc.).

C. Cando rematen de escribir o texto, poden traballar en grupos de tres ou catro, facendo as comparacións entre as súas producións. Sería importante que todos os estudantes do grupo fixesen o mesmo tipo de texto xornalístico (crónica).

E DESPOIS

Cando finalizaren a tarefa, promova unha corrección cruzada entre os membros de cada grupo: pídalles que intercambien os seus textos e que corrixan os erros máis importantes do texto que lles toque. Pídalle a cada un que xustifique a corrección ante os demais do grupo para favorecer unha reflexión conxunta. Durante todo o proceso, pasee pola clase para solucionar as posibles dúbidas que poidan xurdir. Se lle parece conveniente, pode pedirles os textos e leválos para facer unha corrección máis polo miúdo.

7. EVENTOS

Elaborar unha crónica, relatala oralmente e escribila.

ANTES DE COMEZAR

Indique o título da actividade, EVENTOS, e pregúntelles aos seus alumnos que tipos de acontecementos cren que poden recibir este nome. Comece poñendo algún exemplo se é preciso.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se lembran algún evento, é dicir, un acontecemento importante ao que asistisen e por que o fixeron. Explíquelles que van relatalo coma unha crónica. Para preparar o seu relato, poden facer un esquema a partir do recadro que aparece na actividade.

B. Agora, anime os seus alumnos a lle relataren a crónica do seu evento a un compañeiro, quen poderá interrompelo para facer comentarios ou preguntas para obter información adicional, de xeito que a crónica sexa o máis completa posible.

E foi así como cho conto...

E DESPOIS

Como tarefa para a casa, pode animalos a que escriban a crónica do evento que acaban de relatar oralmente. Recórdelles que poden empregar todos os recursos que aprenderon ata agora.

8. DECLARACIÓNS

Inventar as declaracións dos protagonistas dunha xornada caótica no aeroporto (pasaxeiros, controladores aéreos etc.). Incorporar as declaracións a unha crónica que describa esa xornada.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se sufriron algunha vez un atraso nun aeroporto. En caso afirmativo, pregúntelles a que se debeu, se houbo protestas, cal era a actitude dos pasaxeiros e do persoal do aeroporto etc. Se nunca viviron unha experiencia deste tipo, pregúntelles se recordan algunha noticia sobre o tema ou algunha experiencia semellante.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos a situación descrita na actividade e pídalles que observen o debuxo.

Deseguido, deberán atopar nos debuxos os colectivos que aparecen no recadro laranxa e escribir ao lado de cada un o número correspondente. Se teñen problemas para comprender o significado dalgunha expresión, axúdelles con definicións ou descricións.

Solución

Pilotos: 8, auxiliares de voo: 5, persoal de limpeza: 3, pasaxeiros: 7; controladores aéreos: 1, mozos de pista: 4, persoal de terra: 6, camareiros: 9, xornalistas: 2.

B. Dígalles aos seus alumnos que os dous textos que aparecen nesta epígrafe explican as declaracións feitas por algunhas das persoas que se ven no debuxo. Pídalles que as lean e intenten descubrir a que colectivos corresponden.

Solución

*Os pasaxeiros que quedaron incomunicados...
Os auxiliares de voo insistiron en que...*

Chame a atención dos seus alumnos sobre os verbos que introducen as declaracións dos pasaxeiros e dos auxiliares de voo (**esixiron** e **insistiron**). Fágalles notar que estes verbos substitúen o verbo **dicir**: por unha banda, evitan a súa repetición; por outra, son moito máis precisos porque achegan novos matices de significado.

Pregúntelles que outros verbos poden cumprir esta función e remítaos ao penúltimo parágrafo da epígrafe “Discurso referido” da sección CONSULTAR, na páxina 14, onde poderán atopar máis verbos que introducen o discurso referido.

C. Pídalles agora aos seus alumnos que, en parellas, escriban cinco textos nun papel, tomando como modelo os textos da actividade B. Explíquelles que non deben escribir o nome do colectivo que efectúa as declaracións, xa que serán os membros doutra parella os que deberán descubri-lo.

D. A partir das declaracións anteriores, os alumnos deben elaborar unha crónica do sucedido no aeroporto, que debe comezar como se propón na mostra de lingua ofrecida. Recórdelles que deben empregar os verbos que serven para introducir as palabras doutras persoas (o discurso referido).

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 107, exercicio 6.

9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

Escribir a crónica dun acontecemento a partir do titular dunha noticia e dos testemuños de dúas persoas implicadas nel.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que, individualmente ou en grupos de tres, se fixen nas fotografías da páxina 18. Déalles dous minutos para escribiren todo aquilo que poidan asociar coas imaxes (poden ser palabras relacionadas co tema, expresións ou frases feitas, recordos de experiencias propias etc.) e, logo, faga unha posta en común na clase, escribindo no encerado todas as súas suxestións.

PROCEDEMENTOS

A. Lémbrelles aos seus alumnos que a tarefa final desta unidade consiste en escribir a crónica dun acontecemento e explíquelles que van facelo a partir das informacións que obtiveren nas epígrafes A e B. Para comezar, pídalles que lean o titular do xornal para responder as preguntas que aparecen abaixo. Invíteos a que comenten as súas respostas en grupos de tres. Recórdelles que poden empregar o dicionario se lles parece necesario. Ao final, faga unha posta en común na clase.

B. Explíquelles aos seus alumnos que, deseguido, van escoitar o testemuño de dúas persoas implicadas no suceso. Deberán contestar as preguntas que se formulan no recadro e tomar notas da información máis relevante que desexan incluír na crónica. Se o considera necesario, faga unha segunda audición.

Solución

—Que ocorreu? *Tres excursionistas perdéronse no Courel e atoparon na neve pegadas enormes dun animal descoñecido.*
—Cando? *O día anterior, pola tarde.*
—Por que? *Polas malas condicións meteorolóxicas*

–En que circunstancias? *O vento era moi forte e os excursionistas estaban cansos e sen forzas para seguir. O estado da neve era moi malo e un do grupo torceu o nocello. Ademais, non se vía nada e escoitáronse barullos moi estraños, como dun animal.*

C. Pídalles aos seus alumnos que comparen as súas notas coas dos seus compañeiros de grupo e seleccionen a información que desexan incluír na crónica. Chame a atención sobre as suxestións do recadro e lémbrelles que tamén deberán inventar un desenlace para o acontecemento. Indíquelles, por último, que a crónica debe ter unha extensión aproximada de vinte liñas.



10. CULTURA CELTA

Ler dous textos que fan referencia a diferentes expresións artísticas relacionadas coa cultura celta. Buscar información sobre a vida e a obra de intelectuais galegos dos séculos XIX e XX e sobre a orixe celta na cultura galega. Falar sobre iniciativas musicais parellas ás que se presentan nun dos textos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para a realización das epígrafes A e B, faise necesaria unha pequena investigación previa, en Internet ou enciclopedias, co fin de que os alumnos teñan información suficiente para desenvolver a tarefa proposta no tempo previsto. O día anterior á clase na que se traballe esta sección, pídalles que busquen información sobre a cultura celta e a súa relación con Galicia. Se lle parece conveniente, pode dividir o traballo en grupos. Por exemplo, un grupo investiga sobre os celtas; outro sobre os vestixios da súa cultura en Galicia; outro sobre a vida e a obra dalgúns dos persoeiros que se nomean no texto etc. Se o espazo da aula e o número de estudantes o permite, dispóñaos nun gran círculo para desenvolver esta actividade.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos que descubriron na investigación sobre a cultura celta. Os alumnos do grupo que o investigou deben escoller un voceiro que lle reporte ao resto da clase unha información resumida sobre os pobos celtas. Deseguido, os outros participantes do grupo poderán engadir a información que lles pareza pertinente e os demais poderán facer as preguntas que queiran.

Chame a atención dos seus alumnos sobre o título do texto, “A Cova Céltica”, e pregúntelles que cren que pode significar ou se xa lles soaba o nome por algún motivo. Logo, convídeos a ler o texto e a atoparen nel máis información sobre o grupo. Ao remataren a

lectura, pódese facer unha posta en común respecto da definición e dos membros do parladoiro da *Cova Céltica*.

B. Pídalles aos alumnos que investigaron sobre a vida e a obra dos intelectuais que se nomean no texto que lles transmitan a información aos compañeiros de clase. Faga o mesmo cos que pescudaron sobre a orixe celta da cultura galega e promova un debate, no que deben discutir que é verdadeiro e que é mito no celtismo de Galicia. Todos poden achegar a información que queiran ou dar a súa opinión.

C. Comprobe que todos teñen o libro pechado e preséntelles a información do enunciado desta epígrafe. Logo, pregúntelles aos seus alumnos se xa oíron falar do Festival Intercéltico de Moaña. No caso de que haxa algunha resposta afirmativa, invíteos a achegaren a información que coñecen e anime os demais alumnos a faceren preguntas para descubriren máis sobre o devandito festival. Se, polo contrario, ninguén na aula o sabe ou quere achegar ningunha información ao respecto, anídeos a faceren hipóteses sobre o que pode ser o festival: en que consiste, quen participa, cando se celebra etc. Nun principio, dea por válidas todas as hipóteses que fagan e apúnteas no encerado.

A continuación, pídalles que, individualmente, lean o texto que se lles ofrece e, cando rematen, faga unha posta en común entre todos, confirmando as hipóteses acertadas e descartando as demais.

D. Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen outras iniciativas musicais semellantes e pídalles que conten na clase como son. Anime os demais compañeiros a preguntaren todo o que queiran para conseguir o máximo de información sobre os posibles eventos. Se ten alumnos estranxeiros, déalles a oportunidade de compartir cos seus compañeiros algunha manifestación artística da súa cultura relacionada coa música. Se non hai ningunha resposta afirmativa e coñece vostede algunha outra iniciativa neste eido, compártaa brevemente con eles.

11. RIANXO: ENTRE O MAR E A LITERATURA

Ler un poema e unha biografía imaxinaria e falar das sensacións e dos sentimentos relacionados cos temas que abordan. Buscar termos galegos actuais para palabras que non pertencen á normativa contemporánea. Elaborar un pequeno texto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se dispón dun ou dous dicionarios, léveos á clase para que os consulten os seus alumnos na realización da actividade da epígrafe C.

Rianxo é un concello da provincia da Coruña e atópase na marxe dereita do río Ulla, facendo fronteira polo sur

E foi así como cho conto...

coa ría de Arousa. Entre as principais edificacións que configuran o seu conxunto arquitectónico, destacan a Capela da Nosa Señora de Guadalupe, a praza de Rafael Dieste, o Pazo de Martelo, o paseo de Tanxil, a zona portuaria e a fachada marítima.

A importancia de Rianxo tamén reside no feito de que é o berce de escritores moi importantes para a cultura galega, como:

- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, humorista, escritor e político (1886-1950).
- Rafael Dieste Gonçalves, escritor (1899-1981).
- Manuel Antonio Pérez Sánchez, escritor e poeta (1900-1930).
- Xosé María Brea Segade, poeta e narrador (1904-1934).

Cómpre, ademais, resaltar que Rianxo é tamén moi coñecida por “A Rianxeira”, unha canción popular que, relacionada co fenómeno da emigración, acabou por se converter nun dos símbolos culturais de Galicia, e que foi logo popularizada por emigrantes rianxeiros en diversos países.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que formen grupos de tres ou catro e pídalles que falen entre eles e anoten todo o que saiban sobre Rianxo. Se hai varios alumnos que coñezan a vila, intente que se agrupen con outros que non a coñecen, de xeito que en todos os grupos haxa polo menos unha persoa que saiba algo. Se, polo contrario, ninguén na clase pode falar nada sobre ese lugar, dígalles que, partindo do título da actividade, fagan, como mínimo, un par de hipóteses sobre como pode ser e o que cren que pode haber alí.

Déalles algúns minutos e logo faga unha posta en común na clase. De non mencionaren as características máis importantes de Rianxo, dígalles vostede, agás sobre os persoeiros, que se verán na epígrafe seguinte.

B. Faga fincapé na importancia de Rianxo como berce de célebres escritores galegos e infórmeos de que dos catro mencionados en “Observacións previas” só ao último non se lle dedicou aínda o Día das Letras Galegas. A continuación, chame a súa atención sobre Manuel Antonio e coméntelles os trazos máis importantes da súa biografía. Pídalles que lean individualmente o poema e que despois comenten, cos compañeiros do grupo da actividade anterior, o sentimento que cren que predomina ao longo dos versos. Déixeos discutir durante uns minutos e, logo, faga unha posta en común na clase.

C. Pídalles que se fixen nas palabras subliñadas no poema e coméntelles que non se corresponden coa normativa actual do galego. Dígalles que, individualmente, intenten descubrir a forma correcta para cada unha delas. Se dispón dalgún dicionario,

ofrézallo para que as procuren. Concédalles uns minutos e corrixa logo cunha posta en común, escribindo no encerado as palabras do texto e, ao seu lado, a correspondente versión actualizada para cada unha.

Solución

esquenzo – *esquecemento*

soedades – *soidades*

reloxe – *reloxo*

estantío – *estático, absorto*

D. Pregúntelles aos seus alumnos cales son as seccións que se poden atopar nun xornal. É bastante probable que reciba respostas como economía, deporte, opinión, sociedade, cultura... Dígalles que, ademais destas seccións que son moi comúns nos xornais impresos e nos dixitais, adoita haber tamén algúns suplementos especiais, e dea como exemplo a sección “A lombos do Atlántico”, do xornal electrónico *Vieiros*. Preséntelles a actividade e pregúntelles que informacións cren que se poden atopar na biografía dun mariñeiro. Acepte as respostas que lle poidan dar e apúnteas no encerado. Deseguida, pídalles que lean o texto, individualmente, e comprobren se as súas hipóteses eran acertadas. Déalles algúns minutos para que o fagan e logo faga unha posta en común.

E. Pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta o mar. Deseguida, déalles cadansúa cuartilla de papel e invíteos a escribiren un pequeno texto no cal falen das sensacións que lles esperta o mar. Para que non haxa moita desproporción entre as producións esperadas, pode limitar o número de palabras (entre 70 e 80, por exemplo). Dígalles que non deben poñer o seu nome no papel e déalles uns minutos para que escriban o texto.

A continuación, recolla os seus textos e volva repartírllelos aos seus alumnos, pero asegúrese de que a ningún lle toque o seu. Pídalle a cada un que lea o texto que teña para toda a clase e logo, entre todos, teñen que adiviñar de quen é. Ao final, se lle parece necesario, recolla todos os textos para facer unha corrección da súa produción escrita e coméntelle na seguinte clase.

E DESPOIS

Se dispón dalgunha gravación de “A Rianxeira”, lévellela aos seus alumnos e dígalles que é a canción popular galega máis internacionalmente coñecida. Pode, ademais, darlles unha breve información sobre a súa historia, comentándolles o que lle pareza máis relevante do seguinte resumo:

- O texto tivo a súa orixe en cantos tradicionais que acompañaban as procesións de adoración á Virxe de Guadalupe (patroa de Rianxo). Non obstante, non é de carácter relixioso, senón que utiliza a metáfora da Virxe para facer unha evocación da muller galega que traballa no mar.

- Xurdiu como unha homenaxe a Castelao, daquela exiliado en Bos Aires. A letra orixinal foi composta en 1947 por Xesús Frieiro Dourado, un fillo de emigrantes galegos que nacera na capital arxentina. Logo musicouna o rianxeiro Anxo Romero Loxo.
- En 1948 cantouna por primeira vez o Coro Castelao na mesma cidade, pero a estrea oficial foi en 1950.
- Gravouse inicialmente co título “Ondiñas da nosa ría”.
- Nos anos 50 popularizouse en Galicia, a través de músicos de Rianxo e doutras localidades que conservaron só a súa melodía.
- “A Rianxeira” simboliza moi fortemente o fenómeno da emigración e converteuse en case un segundo himno de Galicia; cántase nas máis diversas celebracións e festividades dos galegos.

Se lle parece pertinente, pódelle ofrecer aos seus alumnos unha fotocopia das dúas versións da letra que lle facilitamos na **ficha 3**.

Se os seus alumnos mostraron interese polos demais aspectos culturais presentados ao longo desta unidade, facilítelles enderezos de páxinas web nos que poidan buscar máis información ao respecto.

